

Data de envío: 01.07.2026 – 16:15 h.

AVISO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE ANTE A ALERTA DUN EPISODIO DE FENÓMENO METEOROLÓXICO ADVERSO EN GALICIA

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO POR CALOR

A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE SUSPENDE A ACTIVIDADE XOGADE E FEDERADA NO EXTERIOR, O XOVES 2 DE XULLO DAS 12.00 ÁS 20.00 HORAS, NAS SEGUINTE ZONAS:

- PONTEVEDRA: INTERIOR

NIVEL DE ALERTA: LARANXA POR CALOR

A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE SUSPENDE A ACTIVIDADE XOGADE E FEDERADA NO EXTERIOR, O XOVES 2 DE XULLO DAS 12.00 ÁS 18.00 HORAS, NAS SEGUINTE ZONAS:

- PONTEVEDRA: RÍAS BAIXAS

Nos concellos do litoral, as actividades náuticas/acuáticas no mar non terán restricións. Nos concellos do interior as actividades náuticas/acuáticas estarán permitidas con recomendación de non realizalas entre as 12.00 e as 17.00 h.

CONCELLOS AFECTADOS ALERTA VERMELLA

INTERIOR DE PONTEVEDRA (16): Agolada, Campo Lameiro, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Lalín, A Lama, Moraña, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

CONCELLOS AFECTADOS ALERTA LARANXA

PONTEVEDRA, RÍAS BAIXAS (32): Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis Cambados, Cangas, Catoira, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Redondela, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Valga, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

Así mesmo, **RECOMÉNDASE** tomar as seguintes medidas:

- . Emprega roupa axeitada para a práctica deportiva segura
- . Atención a patoloxías
- . Pasa polo menos dúas ou tres horas ao día nun lugar fresco.
- . Refrécate e molla o corpo varias veces ao día.
- . Non dubides en socorrer ou en pedir axuda.
- . Bebe moita auga, e come normalmente.
- . Evita saír ás horas de maior calor (11.00-21.00 h).

Ante calquera emerxencia chama ao 112.

No caso de precisar información mais puntual ou desagregada consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es